

SINOPSE:

Roi recibe unha vella película procedente de New York. Na lata, únicamente unha etiqueta: "Sociedad Sada y Contornos, 1920". A mesma sociedade de emigrantes á que pertencía o seu bisavó. Mordido pola curiosidade, leva a película ó Laboratorio de Reconstrucción Fílmica. Unha nena bailando sobre unha cadeira é o único que amosan os poucos fotogramas que sobreviven ó balor e á humidade. O resto haberá que imaxinalo.

O proceso de reconstrucción do vello filme irá revelando os intres esquecidos, os movementos borrados, os soños soterrados dos antergos que forman a orixe de Roi, despertando a necesidade de coñecer o seu propio pasado: Unha dinastía esquecida, formada por xentes que simplemente bailaban sobre unha cadeira...

A partir das hipóteses e reconstrucións actorais dos baleiros do filme, "Balor na acción dunha cadeira" revisa a nosa tradición migratoria máis oculta, reflexionando sobre a multiplicidade da historia, a educación, a cultura ou a relixión... por medio dunha linguaxe contemporánea, unha posta en escea vanguardista na que se combinan o documental, Cine en Directo, o video mapping, a iluminación e a composición sonora nun proceso de creación multidisciplinar.

FICHA ARTÍSTICA:

Dirección, escenografía, video en directo: Roi Fernández
Dramaturxia de Roi Fernández sobre traballo de Viewpoints e Composición de ArtesaCía.

Elenco:
Laura Villaverde
Simón Piñón
Gustavo Fouce

Deseño iluminación: Héctor Pazos, Roi Fernández
Espazo sonoro: Madame Cell

Producción: ArtesaCía
Co apoio do AGADIC e o Teatro Colón

SOBRE ARTESACÍA:

O director e artista multidisciplinar Roi Fernández e a actriz e creadora escénica Laura Villaverde, formados artísticamente a cabalo entre Galicia e New York, deciden introducir nunha artesa (ese espazo onde os alimentos maceran e collen regusto) a súa tradición, as súas inquiredanzas e entusiasmo, para condensalos a través da expresión transformadora do teatro.

Así nace no 2009 ArtesaCía. unha compañía escénica bebedora nas raíces da tradición pero con vocación híbrida e bastarda: live Cinema, artes plásticas, mecánica cuántica ou filosofía compoñen os múltiples pés onde sustentar o seu discurso escénico.

Os seus integrantes teñen un amplo currículo nos eidos da creación, participando en encontros escénicos internacionais en Edimburgo (Escocia), Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, The Kitchen (NYC, USA), The Dance Theatre Workshop (NYC, USA), Encuentro de Teatristas Iberoamericanos en San Juan (Puerto Rico), ou a xira por Colombia (Bogotá, Medellín, Tunja, Zipaquirá) onde se representa a primeira obra da compañía, "Uvas de collón de ghalo".

O director e escenógrafo, Roi Fernández conta cun extenso bagaxe no cine, Live Cinema, performance, teatro experimental e videocreación. Amosa o seu traballo en Reino Unido, Argentina, EEUU, Colombia ou China. Dende o seu estudio de experimentación audiovisual "SrPause Cinescapismo", crea video-escenografías para o Centro Dramático Galego, Meridional Teatro, EmeDous, etc. e colabora con artistas da talla do fotógrafo Alberto García-Alix. No 2012 gradúase no Master de Dirección Cinematográfica da City College of New York.

Pola súa banda, a actriz Laura Villaverde participa continuamente dos workshops e procesos creativos da SITI Company de New York, dirixida pola célebre directora Anne Bogart. Actualmente, forma parte do elenco da última produción do Centro Dramático Galego, "As Laranxas máis laranxas de tódalas laranxas". Ademais da produción de "Balor na acción dunha cadeira", é actriz e co-creadora na produción de próxima estrea "Eu encargábame dos nenos e o meu home da parte dos gastos", xunto con Vicky Pérez e Manu Fernández.

Laura Villaverde e Roi Fernández son co-fundadores do espazo Extramuros [Espazo de Colisións Artísticas], na Coruña.

*crítica de Manuel Xestoso para a Revista Galega do Teatro da produción de ArtesaCía "Uvas de collón de ghalo":

<http://rgt critica.wordpress.com/2014/10/19/uv-as-de-collon-de-ghalo/>

SOBRE A PRODUCCIÓN:

A produción "Balor na acción dunha cadeira" e o cúlmen dun proceso de investigación sobre as formas documentais e ficcionais nos eidos creativos contemporáneos.

Despois de varios anos de procura das pegadas diluídas dos seus antergos en New York a principios de século XX, Roi Fernández foi quen de ir recompoñendo un puzzle que sobrepasa o persoal para instalarse no plano da intrahistoria.

Centos de intres cotiás dun pasado que morreu cos seus protagonistas, intres que Roi reconstrúe a través de derivas, entrevistas, hipóteses e multiversos. Un proceso cuántico de recuperación da memoria.

A obra funciona como unha composición fílmica a tempo real, onde as reflexións do "montador" fían as secuencias e planos hipotéticos que os actores van debullando sobre o escenario.

Ademáis da obra teatral, o proxecto "Balor" pecharáse cun filme documental sobre a luz e a figura migratoria do bisavó de Roi.

A peza descansa sobre unha escenografía de fina complexidade, que mestura instalación escénica con video mapping e unha coidada iluminación.

Cabe destacar o proceso creativo da compañía, no que se utilizan os métodos escénicos de Viewpoints e Composición para crear dun xeito horizontal e non-lineal. Asimesmo, tanto a creación da iluminación por Héctor Pazos, a videocreación e videomapping por Roi Fernández e o espazo sonoro por Madame Cell, forman parte dun proceso continuado de interacción entre creadores multimedia. Esta hibridación é característica fundamental de ArtesaCía.

"Balor na acción dunha cadeira" está apoiado polas á produción do AGADIC, ademáis de ser a primeira das residencias técnicas do Teatro Colón da Coruña.